

INSTRUCCIÓN 2/2025, DO 15 DE DECEMBRO, DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL MEDIANTE A QUE SE ESPECIFICA O PROCEDEMENTO A TER EN CONTA NA AUTORIZACIÓN DE CAZA DO XABARIL NAS BATIDAS AUTORIZADAS AO RAPOSO COMO ACTUACIÓN DE CARÁCTER PREVENTIVO FRONTE Á PESTE PORCINA AFRICANA.

ANTECEDENTES

A Peste Porcina Africana (PPA) é unha enfermidade viral grave e altamente contaxiosa que afecta aos suídeos domésticos e silvestres, causada por un virus da familia Asfarviridae, xénero Asfivirus, existindo cepas que poden provocar cadros agudos ou hiper agudos con niveis de mortalidade e morbilidade próximos ao 100 %.

Tras máis de trinta anos sen casos de PPA en España, ou pasado 27 de novembro de 2025 os Servizos Veterinarios Oficiais (SVO) da Generalitat de Catalunya notificaron a detección de dous xabarís silvestres positivos ao virus da Peste Porcina Africana (PPA), no municipio de Cerdanyola do Vallès, na provincia de Barcelona, o que ten suposto a primeira detección da enfermidade en España desde novembro de 1994.

A importancia da enfermidade radica, en primeiro termo, na elevada mortalidade que orixina nos animais afectados, provocando importantes perdas económicas e produtivas. Ademais, a ausencia de vacinas obriga a controlar a enfermidade mediante a erradicación por vía do sacrificio dos animais das explotacións afectadas, xunto co establecemento de zonas restrinxidas ao redor dos focos, desde as que o movemento de animais e os seus produtos estaría prohibido ou moi limitado, consonte a lexislación comunitaria e nacional.

A aplicación das medidas descritas xera un gran prexuízo económico directo, tanto para as explotacións afectadas como para as administracións, xa que teñen que empregarse importantes recursos materiais, humanos e financeiros para as labores de vixilancia (inspección clínica, toma de mostras e investigacións epidemiolóxicas), para o sacrificio e destrución de cadáveres, para a limpeza e desinfección de explotacións, para a indemnización aos gandeiros para compensar os animais sacrificados e os produtos de risco destruídos, para a repoboación, etc.





No caso dos focos en porco doméstico, as perdas económicas directas son especialmente cuantiosas si se ven afectadas explotacións porcinas de gran tamaño, ou zonas cunha elevada densidade de explotacións porcinas.

Tamén resulta directamente afectado o sector da caza xa que, nas zonas afectadas, especialmente se a enfermidade está presente no xabaril, hai fortes restricións e limitacións para o exercicio desta actividade.

O xabaril ten experimentado unha notable expansión nas últimas décadas en Galicia, península ibérica e en toda Europa, non solo dende o punto de vista numérico, senón tamén no referente as súas áreas de distribución. A explosión demográfica desta especie débese a súa enorme plasticidade ambiental, pois adáptase a calquera das entornas presentes no territorio galego e a súa elevada capacidade reprodutiva.

En Galicia a pesares das distintas medidas implementadas apréciase un incremento do nivel de danos ocasionados polo xabaril que está ocasionando a especie nas explotacións agrarias en Galicia, facéndose cada vez máis habitual a súa presenza incluso en zonas que non corresponden ao seu hábitat natural, o que indica que existe unha sobrepoboación da especie que pode ser un factor determinante á hora de difundir enfermidades como a PPA no noso territorio coas conseguíntes repercusións produtivas e económicas, polo que compre utilizar calquera medida que permita reducir a súa poboación, como ampliar a posibilidade da caza do xabaril nos terreos de réxime cinexético especial nas batidas autorizadas de raposo no plan anual de aproveitamento dos tecores.

Neste sentido, e coa finalidade de favorecer a práctica da caza sobre esta especie e incrementar a efectividade no control das súas poboacións, avógase pola necesidade de autorizar a súa caza mediante calquera acción de caza que contribúa a aumentar a efectividade do aproveitamento cinexético desta especie, aproveitando as accións de caza doutras especies xa autorizadas nos plans de aproveitamento anuais, sen ter en conta a cota de captura de xabaril, xa que os datos de accidentes de tráfico, os danos á agricultura, xunto co incremento do esforzo cinexético que se está a desenvolver sobre esta especie nas últimas tempadas, indican unha posible infraestimación da súa poboación, non sendo previsiblemente acordes coa realidade actual da poboación de xabaril, en clara expansión.

O artigo 67 da Lei 13/2013, de caza de Galicia, establece a prohibición no exercicio da caza menor do emprego e tenza de munición de bala, agás autorización expresa.

Deste xeito, De acordo co anterior e segundo disposto no artigo 6 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, dítase a seguinte, dítase a seguinte





INSTRUCCIÓN

Primeiro. Obxecto.

O obxecto desta instrución é fixar o procedemento para solicitar autorización para que durante as batidas de raposo autorizadas nos plans anuais de aproveitamento nos terreos en réxime cinexético especial, poida empregarse munición de bala no exercicio das batidas ao raposo no período hábil para este especie, **desde o 7 de xaneiro ata o 8 de febreiro do 2026**, co obxecto de poder practicar a caza do xabaril, dada a necesidade imperiosa de adoitar medidas excepcionais de carácter preventivo que reduzan a poboación de xabaril ante a ameaza da posible aparición da peste Porcina Africana no noso territorio e previsible transmisión a través desta especie ás explotacións porcinas.

Segundo. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación da presente Instrución será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Procedemento de autorización e solicitudes.

Poderase autorizar o emprego de munición de bala no exercicio das batidas ao raposo autorizadas nos plans anuais de aproveitamento, co obxecto de poder practicar a caza do xabaril nas batidas ao raposo, como medida de carácter preventivo en toda a superficie do Tecor/ECC e co obxectivo de reforzar o control da poboación de xabaril nestes terreos.

Para autorizarse estas actuacións, previamente deben ser solicitadas polo titular do aproveitamento cinexético.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, dirixindo a solicitude correspondente ao departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes das mesmas.

Para a presentación de solicitudes, empregarase o modelo MT720P Procedemento xenérico en materia de caza, no seguinte enderezo:





[https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?
codtram=MT720P&ano=2020&numpub=1&lang=es](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MT720P&ano=2020&numpub=1&lang=es)

Estas accións de caza poderán realizarse no período hábil para o raposo **desde o 7 de xaneiro ata o 8 de febreiro do 2026**, de acordo co establecido no artigo 16.1 apartado d) da Resolución do 10 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2025-2026.

Cuarto. Período de vixencia

Esta instrución finalizará a súa vixencia o 08/02/2026.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2025

A directora xeral de Patrimonio Natural

María Sol Díaz Mouteira

